

Pontes de García Rodríguez As - ORDENANZA MUNICIPAL SOBRE A PREVENCIÓN DO VANDALISMO, A PRESERVACIÓN DOS BENS E A CONSERVACIÓN DO CONTORNO

Publicación provisional : 27-06-2008 BOP Nº 147 -- Publicación definitiva : 13-09-2008 BOP Nº 212

Limiar

Neste Concello resulta relativamente frecuente a incoación de expedientes sancionadores por infracción da Ordenanza xeral de limpeza (publicada no Boletín cecial da Provincia nº 74, do 2 de abril de 2002).

Porén, a proliferación de actitudes vandálicas, realizadas por unha minoría que non interiorizou determinados valores cívicos, ocasiona o deterioro, ruptura ou ensuciado de diverso tipo de bens, nomeadamente os que integran o mobiliario urbano. Todo o anterior fai aconsellable contar cun marco normativo específico que regule acoidadamente a tipificación e sanción deste tipo de condutas incívicas, tendo en conta os límites que en materia de multas por infracción das ordenanzas locais establece o artigo 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (no sucesivo, LRBRL), precepto engadido pola Lei 57/2003, do 16 de decembro.

Por outra parte, entre as competencias das corporacións locais encóntranse expresamente recollidas no artigo 25 da LRBRL a promoción e reinserción social. Por iso, esta ordenanza arbitra un medio alternativo de cumprimento das sancións que se impoñan, e que consiste na substitución das multas por traballos en beneficio da comunidade, baixo o principio de voluntariedade.

TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a sanción no ámbito das competencias do Concello das Pontes de García Rodríguez e dentro do seu termo municipal, das seguintes situacións, condutas ou actitudes:

- As actitudes vandálicas que se expresan mediante o deterioro ou ruptura dos bens mobles e inmobles.
- A realización de grafitos, pintadas, manchas, garabatos, escritos, inscricións ou grafismos, con calquera materia.

Artigo 2. Reparación de danos

1. A imposición das sancións que correspondan polo incumprimento da Ordenanza non exonera á persoa infractora da obriga de reparar os danos ou prexuízos causados. Cando a natureza do feito o permita poderá efectuarse a restitutio in natura.
2. Para os efectos do establecido no apartado anterior, cando proceda, a Administración municipal tramitará pola vía de execución subsidiaria a obriga de resarcimento que corresponda.

Artigo 3. Responsabilidade por condutas contrarias á ordenanza cometidas por menores de idade.

1. De acordo co que establece a Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno, todas as medidas sancionadoras das autoridades municipais que poidan afectar aos menores atenderán principalmente ao interese superior destes. Así mesmo, en función da súa idade e madurez, garantirase o dereito dos menores a seren escoitados en todos aqueles asuntos que lles afecten e a que as súas opinións sexan tidas en conta.
2. Cando as persoas infractoras sexan menores, e coa finalidade de protexer os dereitos do neno

ou adolescente, o seu desenvolvemento e formación, poderanse substituír as sancións pecuniarias por medidas correctoras como a asistencia a sesións formativas, traballos para a comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse de maneira motivada en función do tipo de infracción, e serán proporcionadas á sanción que reciba a conduta infractora. Para este efecto, solicitarase a opinión dos pais ou nais ou tutores ou gardadores ou gardadoras, que será vinculante.

3. Os pais e nais ou tutores e titoras ou gardadores e gardadoras serán responsables civís subsidiarios dos danos producidos polas infraccións cometidas polos menores de idade que dependan deles.

4. Así mesmo, naqueles casos sancionados nesta Ordenanza, os pais e nais ou tutores e titoras ou gardadores e gardadoras serán tamén responsables directos ou solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

5. A asistencia aos centros de ensino educativos durante a ensinanza básica obrigatoria (ensinanza primaria e secundaria) é un dereito e un deber dos menores dende a idade de seis anos ata a de dezaseis.

6. Sen prexuízo de que, de acordo co previsto nesta Ordenanza, se poida acudir a fórmulas de mediación para resolver estas condutas, os pais e nais ou tutores e titoras ou gardadores e gardadoras serán responsables da permanencia dos menores na vía pública e da inasistencia destes aos centros educativos. Nestes casos, cando conorra culpa ou negligencia, os pais e nais ou tutores e titoras ou gardadores e gardadoras incorrerán nunha infracción leve, e poderán ser sancionados con multa desde 100 ata 500 euros, ou de ser o caso aceptar as medidas previstas no apartado 8 deste artigo.

7. En todo caso calquera denuncia, incoación dun expediente sancionador ou eventual imposición dunha sanción a un menor será tamén notificada a seus pais ou nais ou tutores ou titoras ou gardadores e gardadoras.

8. Os pais e nais ou tutores e titoras ou gardadores e gardadoras deberán asistir ás sesións de atención individualizada ou cursos de formación que, de ser o caso, se impoñan como alternativa á sanción pecuniaria das infraccións cometidas polos menores que dependan deles.

Artigo 4. Principio de prevención

O Concello dará prioridade a todas aquelas medidas municipais encamiñadas a previr riscos para a convivencia cidadá e o civismo no espazo público

Artigo 5. Intervencións específicas.

Cando as condutas infractoras da presente ordenanza que sexan contrarias á dignidade das persoas ou discriminatorias poidan ser constitutivas de ilícitos penais, os axentes poñerán en coñecemento da autoridade xudicial competente sen prexuízo da continuación do expediente sancionador nos termos do disposto no artigo 7 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto (no sucesivo, RPPS).

TÍTULO II. DEGRADACIÓN VISUAL DO CONTORNO URBANO

CAPÍTULO I. FUNDAMENTOS

Artigo 6. Fundamentos da regulación.

1. A regulación contida nesta Ordenanza fundaméntase no dereito a gozar da paisaxe urbana da localidade, que é indisoluble do correlativo deber de mantelo en condicións de limpeza, pulcritude e decoro.

2. Sen prexuízo doutras infraccións xa previstas na Ordenanza xeral de limpeza, os grafitos, as pintadas e outras condutas de ensuciamiento e afeamento non só desvalorizan o patrimonio público ou privado e poñen de manifesto o seu deterioro, senón que principalmente provocan unha degradación visual do contorno, que afecta á calidade de vida dos veciños ou veciñas e visitantes.

3. O deber de absterse de ensuciar, manchar, deslucir e deteriorar o contorno atopa o seu fundamento na evitación da contaminación visual, e é independente, e por tanto compatible, coas infraccións, incluídas as penais, baseadas na protección do patrimonio, tanto público como privado.

CAPÍTULO II. GRAFITOS, PINTADAS E OUTRAS EXPRESIÓNS GRÁFICAS

Artigo 7. Normas de conduta

1. Está prohibido realizar todo tipo de grafito, pintada, mancha, garabato, escrito, inscrición ou grafismo, con calquera materia (tinta, pintura, materia orgánica ou similares) ou ben raiando a superficie, sobre calquera elemento do espazo público, así como no interior ou o exterior de equipamentos, infraestruturas o elementos dun servizo público e instalacións en xeral, incluídos transporte público, equipamentos, mobiliario urbano, árbores, xardíns e vías públicas en xeral e o resto de elementos de similar ou análoga natureza. Quedan excluídos os murais artísticos que se realicen con autorización do propietario ou con autorización municipal.
2. Cando o grafito ou a pintada se realice nun ben privado que se atope instalado de maneira visible ou permanente na vía pública, necesitarase, tamén, a autorización expresa do Concello.
3. Os organizadores de calquera acto público de natureza cultural, festiva, lúdica ou deportiva, ou de calquera outra índole, velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, condutas de degradación visual do espazo utilizado. Se con motivo de calquera destes actos se producen as condutas descritas no apartado primeiro deste artigo, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.
4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou tutores ou titoras ou gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións descritas neste artigo cometidas polos menores que se atopen baixo a súa tutela, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 8. Réxime de sancións

1. A realización das condutas descritas no artigo precedente terá a consideración de infracción leve, e será sancionada con multa de até 750 euros, salvo que o feito constitúa unha infracción máis grave.
2. Terán a consideración de infraccións graves, sancionables con multa de 750,01 a 1.500 euros, as pintadas ou os grafitos que se realicen:
 - a) Nos elementos do transporte, xa sexan de titularidade pública ou privada, e, no primeiro caso, municipal ou non, incluídos os vehículos, as paradas, as marquesiñas e demais elementos instalados nos espazos públicos.
 - b) Nos elementos dos parques e xardíns públicos.
 - c) Nas fachadas dos inmobles, públicos ou privados, estremeiros, agás que a extensión da pintada ou o grafito sexa case inapreciable.
 - d) Nos sinais de tráfico ou de identificación viaria, ou de calquera elemento do mobiliario urbano, cando implique a inutilización ou perda total ou parcial de funcionalidade do elemento.
3. As infraccións terán o carácter de moi grave, e serán sancionadas con multa de 1.500,01 a 3.000 euros, cando se atente especialmente contra o espazo urbano por realizarse sobre monumentos ou edificios catalogados ou protexidos.

Artigo 9. Intervencións específicas

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelamente os materiais ou medios empregados.
2. Se polas características da expresión gráfica, o material empregado ou o ben afectado fose posible a limpeza e a restitución inmediata ao seu estado anterior, os axentes da autoridade cominarán responsablemente á persoa infractora a que proceda á súa limpeza, sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan pola infracción cometida.
3. O Concello, subsidiariamente, poderá limpar ou reparar os danos causados pola infracción, con cargo á persoa ou persoas responsables e sen prexuízo da imposición das sancións correspondentes.
O Concello resarcirase dos gastos que comporte a limpeza ou reparación, sen prexuízo tamén da imposición das sancións oportunas.
4. Tratándose as persoas infractoras de menores, faranse os trámites oportunos e necesarios para comprobar se concorren indiciariamente as circunstancias previstas no apartado 4 do artigo 7.
5. Cando o grafito ou a pintada poidan ser constitutivos da infracción penal prevista no artigo 626 do Código Penal, os axentes da autoridade poñerán en coñecemento da autoridade xudicial competente, sen prexuízo da continuación do expediente sancionador.

TÍTULO III. PREVENCIÓN DO VANDALISMO

Artigo 10. Fundamentos da regulación

Coas condutas tipificadas como infracción neste capítulo protéxense o uso racional do espazo público, o respecto ás persoas e bens, a seguridade, a saúde e integridade física das persoas ou o patrimonio municipal.

Artigo 11. Normas de conduta.

1. Están prohibidas as condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.
2. Quedan prohibidos os actos de deterioro grave, como estragos dos espazos públicos ou as súas

instalacións ou elementos, xa sexan mobles ou inmobles, derivados das alteracións da seguridade cidadá contempladas no apartado 1 anterior.

3. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos se realizan as ditas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente aos axentes da autoridade.

4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou nais ou tutores ou titoras ou gardadores ou gardadoras polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables directos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

Artigo 12. Réxime de sancións.

1. Sen prexuízo da lexislación penal e de protección da seguridade cidadá, as condutas descritas no apartado 1 do artigo precedente son constitutivas de infracción moi grave, e serán sancionada con multa de 1.500,01 a 3.000 euros.

2. Sen prexuízo da lexislación penal e local, os actos de deterioro descritos no apartado 2 do artigo precedente son constitutivos de infracción grave, e sancionaranse con multa de 750,01 a 1.500 euros.

Artigo 13. Intervencións específicas.

1. Nos supostos recollidos nos artigos anteriores, se é o caso, os axentes da autoridade retirarán e intervirán cautelamente os materiais, o xénero ou os medios empregados.

2. Tratándose a persoa infractora dun menor, practicaranse as dilixencias necesarias para comprobar se concorren indiciariamente as circunstancias previstas no apartado 4 do artigo 11, co obxecto de proceder, tamén, a súa denuncia.

TÍTULO IV. DO CUMPRIMENTO DAS SANCIÓN POR MEDIOS ALTERNATIVOS ÁSANCIÓN PECUNIARIA

Artigo 14. Conceptuación.

As persoas responsables das infraccións reguladas na presente ordenanza poderán satisfacer a sanción imposta mediante a correspondente sanción económica ou, alternativamente, substituíndo a sanción pecuniaria por medidas correctoras, como asistencia a sesións formativas, traballos a prol da comunidade ou calquera outro tipo de actividade de carácter cívico. Estas medidas adoptaranse de maneira motivada en función do tipo de infracción, e serán proporcionadas á sanción que reciba a conduta infractora. Cando a natureza das medidas alternativas o permita acudirse a aplicar a relación de conversión a que se refire o artigo 17 desta ordenanza. Cando iso non sexa posible, a equivalencia fixarase motivadamente.

Artigo 15. Voluntariedade

A opción polas medidas correctoras a que se refire o artigo precedente corresponde á persoa infractora e supón prestar o servizo, a acción formativa ou a actividade cívica de que se trate, de xeito gratuíto, sen dereito a recibir remuneración nin compensación de ningún tipo

Artigo 15. Voluntariedade

A opción polas medidas correctoras a que se refire o artigo precedente corresponde á persoa infractora e supón prestar o servizo, a acción formativa ou a actividade cívica de que se trate, de xeito gratuíto, sen dereito a recibir remuneración nin compensación de ningún tipo

Artigo 16. Ámbito subxectivo de aplicación.

1. As persoas menores de dezaseis anos quedan excluídas da aplicación das normas do presente título.

2. As persoas de dezaseis anos ou máis, pero menores de dezoito anos, cando sexan as autoras dos feitos sancionados, precisan, ademais, da autorización expresa de seu paí ou nai ou persoa titora ou gardadora, para realizar as prestacións persoais arbitradas na presente ordenanza.

Artigo 17. Conversión da sanción económica a unidades de tempo.

Para os efectos da determinación da duración da prestación alternativa, cando a súa natureza o permita establecerase unha relación de conversión de fi /hora.

Artigo 18. Procedemento para a prestación dos traballos en beneficio da comunidade.

1. A persoa inculpada ou sancionada poderá manifestar durante a tramitación do procedemento a súa opción polo sistema de cumprimento da sanción establecida no presente título. Para tal efecto, cando se lle notifique a iniciación do procedemento faráselle saber que lle asiste ese dereito. Así mesmo, poderá comunicar tal preferencia dentro do prazo de ingreso, en período voluntario, da sanción económica imposta.
2. O alcalde, ou o órgano que, se é o caso, teña delegada a atribución, arbitrará os medios necesarios para o cumprimento da sanción.

Artigo 19. Condicións de prestación

1. A execución dos traballos desenvolveranse consonte as indicacións dos órganos municipais e dos seus titulares e persoas funcionarias, empregadas ou axentes.
2. O Concello deberá cubrir coa pertinente póliza de seguros as contirixencias de accidentes, de estimalo necesario.
3. O traballo ou a actividade deberá ser prestado atendendo ás seguintes condicións xerais:
 - a) Non atentará á dignidade da persoa sancionada.
 - b) Non se supeditará ao logro de intereses económicos.
 - c) Non suporá o exercicio de funcións para as que sexa preciso posuír destrezas, formación ou habilidades que non posúa a persoa sancionada.
 - d) Propenderá a promoción de condutas cívicas.
4. Se a persoa sancionada opta por desvincularse da prestación antes de iniciala, deberá aboar a sanción económica. Se o abandono se produce unha vez comezados os traballos ou actividades, deberá satisfacer o importe económico pendente.

Artigo 20. Limitacións ás facultades de opción

O alcalde -ou o órgano que teña delegada, se é o caso, a competencia- poderá non acceder ásolicitud de cumprimento alternativo da sanción a través do sistema arbitrado na presente ordenanza, mediante resolución motivada.

Disposición adicional primeira.

Facúltase ao alcalde para actualizar a relación de conversión establecida no artigo 17 da presente ordenanza.

Disposición adicional segunda.

Os procedementos que se tramiten ao abeiro da presente ordenanza seralles aplicable o Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.

Disposición transitoria única.

Os expedientes incoados por infraccións cometidas antes da entrada en vigor desta Ordenanza rexeranse, naquilo que non prexudique á persoa imputada, polo réxime sancionador vixente no momento de cometerse a infracción.

Disposición derogatoria única

Quedan derogadas as disposicións contidas nas ordenanzas e regulamentos municipais do Concello das Pontes de García Rodríguez que contradigan a presente ordenanza.

Disposición derradeira única.

A presente ordenanza entrará en vigor despois de transcorrer o prazo a que se refire o artigo 70.2, en relación co 65, ambos os dous da Lei 711985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, contado a partir da publicación íntegra do seu texto no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e continuará en vigor até a súa modificación ou derogación expresa polo Concello